

BERTA  
CÁCCAMO  
12.04 —  
09.06


Museo de Pontevedra  
Edificio Castelao

CORRES —  
PONDEN —  
CIAS DE  
ARQUIVO



[museo.depo.gal](http://museo.depo.gal)

© da fotografía: Quique Touriño, 2008



**DOSSIER PARA  
MEDIOS DE  
COMUNICACIÓN**

## Berta Cáccamo. Correspondencias de arquivo

Do 12 de abril ao 9  
de xuño de 2024

Museo de  
Pontevedra, Edificio  
Castelao

Comisario:  
Juan de Nieves

Este proxecto expositivo, concibido especificamente para o Museo de Pontevedra, aborda unha perspectiva inédita ou pouco explorada ata hoxe: a importancia do arquivo de Berta Cáccamo, entendido desde unha visión complexa e expandida, e as súas conexións directas coa pintura e coa súa obra en papel ao longo de toda a súa traxectoria artística.

En 2018 e logo do seu falecemento constituíuse o Legado Berta Cáccamo co obxectivo claro de manter viva a súa memoria e de difundir a súa obra tanto no ámbito institucional coma a través dunha maior implicación no mercado español. Paralelamente á organización e realización de diferentes exposicións, á publicación de libros sobre o seu traballo e á inserción dalgunhas das súas obras en importantes institucións españolas, o Legado catalogou e ordenou a súa obra e os diferentes elementos e rexistros que compoñen o seu arquivo. A próxima doazón da parte documental do Legado ao Museo de Pontevedra co fin de que o conserve, ordene e difunda publicamente constitúe unha oportunidade única para mostrar agora —antes de que a entrega deses fondos se faga efectiva e a xeito de presentación— as conexións entre os diferentes rexistros presentes no arquivo (cadernos, axendas, diarios, libros de artista, correspondencia, fotografías e obxectos, entre outros) e a súa obra pictórica.

Ao longo da súa vida, Berta Cáccamo escribiu e debuxou nun extenso número de cadernos, ata o punto de que se podería reconstruír o seu pensamento artístico e vital lendo as súas notas e reflexións e observando os seus bosquejos, debuxos e diagramas. Así mesmo, tamén é autora dunha serie de breves fragmentos

textuais que aparecen con frecuencia en papeis soltos e pequenas axendas. Esta pulsión case táctil de escrita reflexiva trasladouna tamén a pequenos obxectos ou composicións, precarios no que se refire á procedencia dos materiais escollidos e ao seu sutil proceso de manipulación, pero enormemente importantes para comprender a súa ollada sobre o mundo e as cousas. Esta “poética da mirada” percíbese en todo o arquivo e nos seus diferentes rexistros, nas coleccións de fotografías e diapositivas da súa contorna máis próxima ou en moitas outras tomadas nas súas viaxes por Europa e África. A súa ollada detense incansablemente nas formas e escenarios da natureza e da arquitectura, nos obxectos e nas estruturas etnográficas, na artesanía ou simplemente nas pegadas e rastros instantáneos e irrepitibles que se nos aparecen coma iluminacións fuxidías.

“Sempre estou a me debater entre a análise e o estudo da pintura e outra faceta da miña persoa, que é a neurose”.

Berta Cáccamo, 2016



A partir da referida vía íntima e experiencial, e tamén por medio do estudo constante sobre as transformacións da pintura ao longo do século XX, Berta Cáccamo creou un corpus de traballo extraordinariamente singular e diferenciado. Esta exposición supón unha visión retrospectiva do seu extenso traballo e fai fincapé nalgunhas etapas que non foron demasiado exploradas, coma a pintura que realizou na segunda metade dos anos oitenta en Barcelona e Galicia, inmediatamente antes de trasladarse a París e de establecer a linguaxe pictórica esencial e madura pola que é máis coñecida. Todas as etapas da súa traxectoria están ben representadas en *Correspondencias de arquivo*, mostra que non só cómpre contemplar coa distancia que adoita esixir a pintura, senón tamén coa ollada próxima de quen estuda e analiza os materiais organizados nas quince mesas que enchen os espazos centrais das

### Selección de cadernos e libros da artista

Foto: Damián Uceda

dúas salas do museo. Nelas atoparemos os diversos materiais configuradores do seu pensamento estético e vital que nos permitirán establecer as nosas propias correspondencias e relatos.

## SOBRE A EXPOSICIÓN

A exposición preséntase como un percorrido retrospectivo por **33 anos de traxectoria** de Berta Cáccamo, desde mediados dos anos 80 ata o 2018.

As obras expostas inclúen **arredor de 40 pinturas e máis de 30 papeis** xerados pola artista nas diferentes cidades nas que viviu e traballou: Vigo (Coruxo), Barcelona, París e Roma. O 85 % das obras exhibidas pertencen ao Legado Berta Cáccamo e o 15 % a coleccións públicas e privadas en Galicia e no resto de España.

Entre as institucións privadas que ceden obra para esta exposición destacan:

- Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía
- Colección La Caixa
- Colección Banco de España
- Colección Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)
- Colección Afundación

"(...) se vai producindo ese efecto Cáccamo, é dicir, esa sensación de que a pintura se converte de novo na súa estrita aparencia material e se ordena a modo de capas estratigráficas, a modo de aneis arbóreos, testemuños implacables da idade e do paso do tempo, e tamén da man da artista, como de quen grava un corazón na cortiza dunha árbore: *O tell me the truth about love*".

Manel Clot, 1997



**Sen título**, 1990

Óleo sobre tea

98 x 131 cm

Legado Berta Cáccamo

Foto: Quique Touriño



Deputación  
Pontevedra

MUSEO  
PONTEVEDRA

A singularidade da exposición radica nas **15 vitrinas** incluídas na mostra, nas que se dispoñen unha serie de **materiais de arquivo** que dialogan coas obras expostas:

- 30 cadernos, diarios e libros de artista.
- Fotografías de obras no taller, fotografías persoais da artista e outras fotografías realizadas por Berta Cáccamo nos seus percorridos por Galicia e por outros países europeos e africanos (paisaxes, arquitecturas, elementos etnográficos etc.).
- 26 obxectos de natureza diversa e que a artista creou en diferentes momentos da súa carreira, coma obxectos atopados e levemente manipulados. Non constitúen obras de arte en si mesmas, pero axúdannos a entender o seu universo estético.

A exposición estrutúrase no espazo como un relato continuado entre as obras maiores (pinturas e papeis) e a súa correspondencia coas vitrinas nas que se sitúan os materiais de arquivo antes mencionados. O público poderá visitar a exposición desde unha dobre lectura que se complementa, a fin de comprender non só a práctica artística de Berta Cáccamo, senón tamén os diferentes rexistros que constitúen o seu proceso creativo.

“Berta Cáccamo reintroduce no discurso pictórico a dimensión antropolóxica da forma na súa neurótica procura de si mesma, no seu desprazamento incesante pola conquista dun lugar. Cando a pintura ‘busca un lugar’ desexa sempre a condición especular, o reflexo dun rostro, acto, sentimento ou feito. A obra de Berta Cáccamo pretende, tal como afirmaba o artista alemán Franz Marc, ‘romper o espello da vida, de tal modo que poidamos ver o rostro do ser’”.

Luis Francisco Pérez, 1989



**Selección de obxectos**  
Foto: Damián Uceda



## BERTA ÁLVAREZ CÁCCAMO

### Vigo, 1963 - Vigo, 2018

Licenciada en Belas Artes pola Facultade San Jordi de Barcelona. Doutorouse nesta facultade e posteriormente na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Foi **profesora** na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, da Universidade de Vigo, de 1995 a 2013, nos departamentos de Expresión Plástica (1995-1998) e de Pintura (1998-2013).

Gozou de **bolsas** coma a Manuel Colmeiro da Xunta de Galicia en 1987 e a de Creación Artística Banesto en Madrid en 1990. Obtivo o segundo premio na XXI Bienal de Pontevedra, co que gozou dunha estancia na Cidade Internacional das Artes en París entre 1990 e 1991. En 1992 e 1993 foi bolseira na Academia de Belas Artes de Roma.

Galerías e centros dedicáronlle preto de 40 **exposicións individuais**, entre elas *Expansión ensaio*, no CGAC, en 2017, e *Horas felices, un transitar*, no Museo Patio Herreriano de Valladolid, en 2022. Ademais, expuxo de forma individual en espazos de Vigo, A Coruña, Madrid, Baiona, Barcelona, Porto, Palma de Mallorca, Zaragoza, Santiago de Compostela, Palencia, Eivisa, San Sebastián, Cambados e Ferrol.

Tamén estivo presente a súa obra en arredor dun cento de **exposicións colectivas** en Galicia, España, Portugal, Francia, Italia, Estados Unidos, Alxeria, Cuba, México, Suíza e Alemaña.

A súa **obra gráfica** forma parte de varias edicións. Tamén ilustrou libros, entre eles o poemario *Tinta de luz*, de Xosé María Álvarez Cáccamo (Chan da Pólvora, 2017), que obtivo o premio ao libro ilustrado na III Gala do Libro Galego (2018).

Entre a ducia de premios obtidos na súa carreira, destaca o Premio da Cultura Galega na Sección de Artes Plásticas (Xunta de Galicia, 2017).



## Obra de Berta Cáccamo en museos e coleccións públicas

- Museo de Pontevedra
- Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid
- Instituto Valenciano de Arte Moderno, Valencia
- Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela
- Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa, A Coruña
- Colección Banco de España, Madrid
- Colección Caixa de Pensiones, Barcelona
- Parlamento de Galicia
- Academia Española de Belas Artes. Roma, Italia
- Comunidade Autónoma da Riox, Logroño
- Colección Grupo Argentaria, Madrid
- Colección Interarte, Valencia
- Colección Arte Galega. Xunta de Galicia
- Fundación María José Jove. A Coruña
- Colección Salvador Riera, Barcelona
- Colección Hércules de Ediciones, A Coruña
- Consorcio do Eixe Atlántico. Porto, Portugal
- Colección Abanca, A Coruña
- Colección Afundación, Vigo
- Colección AENA
- Deputación da Coruña
- Concellos: Vigo, A Lama, Meis, O Rosal e Carballo

“Persoalmente síntome debedora dunha xeración na cal a experiencia poética, a proxección persoal do individuo, é importante. Aínda que a partir duns anos esa revelación da persoa, esa expansión, esa proxección da persoa na arte, constitúe un perfil de artista que non interesa. Polo tanto, nesas dúas palabras, expansión e ensaio, está implícito un dos primeiros parámetros ou prioridades do meu traballo, que é o ensaio, a proba, o erro, nada é conclusivo, todo é un ensaio”.

Berta Cáccamo, 2016

## O LEGADO DE BERTA CÁCCAMO

Desde o verán de 2018, dous meses despois do seu falecemento, Juan de Nieves, Beatriz García Ramos e eu, Xosé María Álvarez Cáccamo, emprendemos o labor de ordenación previa da obra de Berta e de todos os seus complementos documentais coa finalidade de trasladalos a un novo espazo que reunise as mellores condicións para a súa conservación, cuidado e desexábel proceso de inventario e catalogación. No estudio da artista, no seu despacho e no faiado da casa de Coruxo non podía permanecer moito tempo máis, sen man que a agarimase e protexese. Foron dous meses, os de xullo e agosto, de tensa, por momentos magoante, dedicación que, ao mesmo tempo, nos permitiu ir levando con maior serenidade a dor da súa ausencia e consolidando as razóns da nosa obriga: construír un tempo destinado á revitalización do seu discurso artístico e da súa enerxía comunicativa.

A finais de agosto tiñamos xa a obra, o arquivo e a biblioteca de Berta instalados nun local de Vilaboa que reúne moi boas condicións para a conservación e bastante aceptábeis para a súa ordenación e futuros labores de catalogación. Desde aquela non houbo pausa na atención ao fantástico legado de Berta, un número moi importante de cadros e debuxos, fotografías persoais e da obra, cadernos de

traballo, concebidos en ocasións ao xeito de libros de artista, pezas obxectuais de clara intención comunicativa, obxectos minimamente intervídos e unha deliciosa colección de achados materiais sen elaboración que traen acentos do estilo vital —tan vitalista— de Berta, ademais dunha selecta biblioteca de arte. Os diversos conxuntos que conforman o seu herdo artístico e intelectual —a obra, a documentación e o pensamento lucidamente rexistrado por escrito— constitúen unha unidade de experiencia e visión que nos sorprende en cada nova descuberta.



Tan extenso e versátil, e, asemade, unitario e sólido legado precisaba da creación dun equipo dedicado á súa preservación, revitalización e difusión. De tal labor vímonos ocupando desde o verán de 2018 os críticos de arte Carlos López Bernárdez e Juan de Nieves, e mais eu, en representación da miña familia, da familia de Berta: os meus irmáns, Alfonso (recentemente desaparecido) e Celso, e a miña irmá Elena, quen seguen moi de preto o proceso dos nosos coidados e proxectos. Moi próxima a nós tamén, en disposición de colaboración constante, Beatriz García Ramos, a miña compañeira. A ordenación e axeitada instalación da obra, un primeiro achegamento provisorio de inventario, a atención a varias solicitudes expositivas, a consulta e o estudo de cadernos, a elaboración de proxectos de catalogación, comunicación e difusión, a coidadosa preparación da primeira exposición levada a cabo no pazo del Torrado de Cambados e doutras mostras previstas conforman o conxunto dos traballos que estamos a desenvolver e que pretenden manter viva a obra de Berta Cáccamo. Que debe seguir cumprindo a función que lle outorgou sentido no momento mesmo da súa elaboración día a día e non converterse nunca nun documento mudo de almacén. Que debe seguir expresándose a través dos ollos e das mans de Berta.

**Xosé María Álvarez Cáccamo**

***Strange Cargo*, 1990-91**

Óleo sobre lenzo

190 x 290 cm

Colección Uxío Pérez Becerra e

Charo Ferreiro Veloso

Foto: Damián Ucieda



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA



## Fitos do Legado de Berta Cáccamo (2018-2024)

O Legado organizou neste período **seis exposicións**:

- *Berta Cáccamo. Enteiramente pintado*. Pazo do Torrado, Cambados, 2019
- *Berta Cáccamo. El polvo del que surgen todas las formas, Pantin, Paris (1989-1991)*. Galería Formato Cómodo, Madrid, 2020
- *Berta Cáccamo. Papeis (1988-2018)*. Galería Trinta, Santiago de Compostela, 2020-2021
- *Berta Cáccamo. Horas felices, un transitar*. Museo Patio Herreriano, Valladolid, 2022
- *Berta Cáccamo. Triple recorrido*. Galería Ana Mas, Barcelona, 2024

A obra de Berta Cáccamo exhibiuse en todas as edicións de ARCO desde 2019 a 2024 no posto da Galería Formato Cómodo.

O Legado colaborou tamén nestes anos con outros comisarios e centros de arte contemporánea que solicitaron obras de Berta Cáccamo.

O Legado traballou para incluír a obra de Berta Cáccamo en **importantes coleccións públicas** españolas:

- Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid
- Instituto Valenciano de Arte Moderno, Valencia
- Colección Banco de España, Madrid
- Colección Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela

Grazas ao traballo do Legado e das galerías Formato Cómodo (Madrid) e Trinta (Santiago de Compostela), a obra de Berta Cáccamo foi incluída tamén en **importantes coleccións privadas** galegas, españolas e norteamericanas.

A exposición *Berta Cáccamo. Correspondencias de arquivo* e a **doazón do arquivo** da artista ao Museo de Pontevedra son dúas das accións máis importantes do Legado Berta Cáccamo. A doazón permitirá que o arquivo poida ser catalogado, organizado e posto a disposición de investigadores e persoas usuarias do Museo de Pontevedra.

“Todo na pintura de Berta Cáccamo nos remite ao reino da metamorfose, un estado onde xa todo tende cara á simultaneidade de perspectivas, do suxeito que ve, do movemento, nunha vertixinosa perda de puntos fixos, de lugares de fundamentación. Unha pintura desde a descomposición”.

Alberto Ruiz de Samaniego,  
1999



*Tres*, 1990  
Técnica mixta sobre tea  
150 x 150 cm  
Colección privada, Santiago de Compostela  
Foto: Damián Ucieda

## PROGRAMACIÓN PARALELA

Venres 3 de maio, ás 19:00 h


### **Lectura de Xosé María Álvarez Cáccamo do seu poema *Berta***

Comentario de Juan de Nieves

Venres 7 de xuño, de 10:00 a 13:30 h e de 16:00 a 19:30 h

### **Seminario: Arquivos de Artistas. Ferramentas para a Investigación nos Museos**

Con Xosé María Álvarez Cáccamo, Mela Dávila Freire, Irene García Chacón, Beatriz Herráez, Javier Hontoria, Agar Ledo Arias, Juan de Nieves, Manuel Segade, Ángeles Tilve Jar e Eduard Vallès.



*Descrición do día*, 1988-90  
Técnica mixta sobre tea e táboa  
Políptico: 6 x (70 x 55) cm  
Legado Berta Cáccamo  
Foto: Damián Ucieda

## CRÉDITOS DA EXPOSICIÓN

### Dirección

Ángeles Tilve Jar

### Comisariado

Juan de Nieves

### Asistencia ao comisariado

Agar Ledo

### Coordinación

Fátima Cobo

### Investigación do arquivo de Berta Cáccamo

Xosé María Álvarez Cáccamo

Beatriz García-Ramos

### Coordinación do arquivo fotográfico de Berta Cáccamo

Damián Ucieda

### Conservación

Sonia Briones Vázquez

Mercedes del Campo

### Deseño gráfico

Luis Lloréns Pendás (cupé studio)

### Montaxe

Carlos Calvo

Roberto Rey

Museo de Pontevedra

Daexga

### Transporte

Cloister Services

### Seguro

Axa Seguros

Liberty Seguros